

Xornal » Dereito acolle as II Xornadas sobre Propiedade Industrial

Seccións

[Xornal](#)

[Resumos de prensa](#)

[Axendas](#)

[Publicacións](#)

[Entrevistas](#)

[Opinión](#)

[Aconteceu](#)

[Taboleiro](#)

[Redacción](#)

Dereito acolle as II Xornadas sobre Propiedade Industrial

Actualizada: 04-11-2010 12:27



As II Xornadas sobre Propiedade Industrial celébranse este xoves 4 na Facultade de Dereito organizadas polo Instituto de Dereito Industrial da USC (IDIUS) co apoio da Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM). O reitor Juan Casares presidiu a inauguración no Salón de Graos do centro nun acto no que o acompañaron o director da OEPM, Alberto Casado; o decano da Facultade de Dereito, Luis Míguez Macho; o director do IDIUS, Ángel Fernández-Albor; e o codirector das xornadas, Ángel García Vidal.

Esta xornada científica e de divulgación reúne a un destacado grupo de expertos nacionais e internacionais procedentes das universidades de País Vasco, Oviedo, Zaragoza, Carlos III de Madrid, da propia USC así como do Instituto Max-Planck de Múnic. A dirección do encontro recaeu nesta ocasión nos profesores Ángel García Vidal, María del Mar Maroño e Javier Framiñán.

IDIUS

O IDIUS é un centro propio da USC dedicado á investigación da competencia económica, a propiedade industrial e a propiedade intelectual. Aínda que os investigadores deste centro proceden maioritariamente da USC, tamén o integran outros procedentes das universidades de Vigo, A Coruña, Complutense de Madrid ou Alcalá de Henares entre outras.

Trátase dun dos equipos investigadores máis activos da Facultade de Dereito e con maior impacto científico de España, Europa e América.

Outras imaxes

